

O Nadal trae recordos, luces, e tamén historias e contos que se multiplican co tempo

A nosa guía

O Nadal é una época na que se acostuma facer agasallos aos máis próximos, especialmente aos máis pequenos. Desde a Biblioteca Escolar animamos ás familias a que, entre eses agasallos, se atopen os libros e ofrecémoslles esta pequena orientación acerca das novidades publicadas e dos libros que máis lles gustan. Coñecemos as súas preferencias e as súas necesidades.. Consúltenos ou consulten cos libeiros, pero non esquezan os libros este Nadal.



Para coñecer a nosa biblioteca visitade a nosa páxina web:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal/>

Nela atoparán tamén unha ampla guía de lecturas recomendadas para cada ciclo:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal/?q=category/8/36>

No seguinte enlace poderán atopar multitude de contos e actividades na rede relacionados co Nadal:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal/?q=node/294>

A Biblioteca do C.E.I.P. Isaac Peral desexa a toda a comunidade educativa un Feliz Nadal e un 2008 cheo de Lección e Boas Lecturas.



C.E.I.P. Isaac Peral

Avda. Mac Mahón s/n

15403 – Ferrol

Teléfono: 981354699

Fax: 981354573

E-mail: ceip.isaac.peral@edu.xunta.es



Guía de Lectura

Nadal 2008



O mellor agasallo: un libro

Pre-lectores e lectores iniciais



Lía pide a Papa Noel una desexada mascota: quere un pingüín. O seu desexo cúmprese, pero... a vida do pingüín Osvaldo require certos cuidados... Esta é a historia que

conta **MI PINGÜINO OSVALDO** de Elisabeth Cody e publicado en Kókinos.

É o primeiro Nadal de Popi e está moi preocupado. Que pode pedirle a Papa Noel un cachorroño coma el? Vaise moi triste a durmir pensando

que vai ser o único da casa que vai quedar sen agasallo.

Pero á mañá seguinte espéralle una sorpresa que o vai facer sentir tan feliz coma

sempre. **LA PRIMERA NAVIDAD DE POPI** de Hans Wilhelm está publicado en Ed. Juventud S.A.



Calquera título da editorial

KALANDRAKA será un bo agasallo, por exemplo: **Os sete cabritos** e **A árbore das follas DIN A-4**. E

outro francamente recomendable, e ademáis moi axeitado a estas datas é

Cando Martiño tivo

ganas de mexar na noite de Reis.

Lectores intermedios

EL MEJOR REGALO de Cornelis Wilkeshuis e Rita van Bilsen (S.M.), cóntanos a historia de Irenus, o fillo do Rei Baltasar. Quere ir xunto ao seu pai seguindo a estrela do ceo. Decide recoller a súa preciosa pelota, o seu can e un libro de estampas e versos...

A CIDADE DOS DESEXOS de Agustín Fernández Paz (Xerais) cóntanos una historia que xurde cando comezaron as obras no baixo que os rapaces utilizaban como refuxio nas tardes de chuvia.

Nel instalouse unha muller que facía posibles os desexos da xente. Eles puideron acadar os seus tres desexos, claro que para iso tamén tiveron que traballar...

CUENTO DE NAVIDAD de Charles Dickens é o relato de cómo una persoa mala, egoísta e á que lle disgusta todo o que pode producir felicidade, pode cambiar a súa actitude gracias ao Nadal.

DOMINICUS O DRAGÓN conta a historia dun dragón moi raro, que só traballa os domingos. Gústalle as trasnadas e todos as soportan con paciencia. Ata que un día o seu lume apágase... Este libro é de Antón Cortizas, un escritor ferrolán, e está editado na editorial Tam-

bre/Edelvives.



Lectores avanzados



EL MAR DE LOS TROLLS de Nancy Farnier relata as aventuras de Jack, un rapaz que xunto coa súa irmá Lucy, veráse obrigado a embarcar como esclavo na nave vikinga que saqueou a súa aldea. A partir dese momento vivirá una chea de arriscadas aventuras.

Dora é una nena mulata que vive co seu avó. Un compañeiro da clase faille a vida imposible... Esta é a historia que conta **DORA, LA HIJA DEL SOL** de Carmen F. Villalba. Está editada por Anaya.



SMARA é a historia da viaxe dun neno a un lugar do deserto do Sahara. Alí coñece a avoa Ugago, una poderosa maga, que lle conta historias do seu pobo, os Fillos das Nubes. Este libro é de Paula Carballeira e está editado por Kalandraka.

NO CORAZÓN DO BOSQUE de Agustín Fernández Paz (Anaya) conta a historia de Raquel, una rapaza que foi con toda a clase de excursión á maravillosa fraga do Eume. Ao volver á casa descubriu con asombro que na súa mochila colárase un homiño vello e

